

Resolución do 20 de novembro de 2017, da Comisión de selección para a provisión dunha praza de técnico/a provincial, convocada por resolución do 21/07/2017, pola que se aproban e se fan públicas as listas provisionais dos resultados da valoración de méritos e se abre o período de emendas.

A comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para o ingreso nas listas previas de técnico/a provincial, de conformidade co establecido nas bases que rexen o proceso, entre outros temas,

ACORDOU:

Primeiro: Valoración de méritos

A comisión avaliou os méritos dos/as aspirantes que superaron a proba de coñecementos.

Segundo: Aprobar as listas provisionais dos resultados da valoración de méritos

De conformidade co establecido na base oitava, acordou aprobar as listas provisionais de resultados da valoración de méritos pertencente ao proceso de selección.

Terceiro: Facer pública as listas provisionais dos resultados da valoración de méritos

De conformidade co establecido na base oitava, acordou facen públicas as listas provisionais de resultados da valoración de méritos pertencente ao proceso de selección que figuran como Anexo á presente resolución.

Segundo a base oitava.2, nesta fase poderase acadar unha puntuación máxima de 30 puntos.

Cuarto: Alegacións

De conformidade co establecido na base oitava, os/as aspirantes disporán dun prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación das listas

provisionais, para poder realizar as alegacións que estimen oportunas. De non haber reclamacións, a lista provisional enténdese aprobada definitivamente.

Todas as alegacións dos/as aspirantes, só poderán ser presentadas:

- Nas oficinas de rexistro de SEAGA, sitas no Polígono Industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, de Santiago de Compostela (A Coruña):
 - de luns a xoves: de 09:00 h a 14:00 h e de 16:00 h a 18:00 h
 - venres: de 09:00 h a 14:00 h
- Nas oficinas das delegacións provinciais, de luns a venres, en horario de 09:00 h a 14:00 h. Estas atópanse nos seguintes enderezos:
 - Estrada N-VI, Km 581, Guísamo - Bergondo (A Coruña)
 - Polígono industrial do Ceao, Rúa dos Carros, parcela 17; Lugo
 - Polígono de San Cibrao das Viñas, sector C, Rúa Ricardo Martín Esperanza (Rúa 1), parcela 1-G, nave 3, San Cibrao das Viñas (Ourense)
 - Lg. Cabanas – Salcedo, 54; Pontevedra

O derradeiro día de presentación de alegacións será o xoves, 23 de novembro.

A presentación de alegacións en oficinas distintas das anteriores non serán tidas en consideración para o proceso.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2017

Martín Martínez Abal



Presidente da Comisión